



RESOLUCIÓN do 21 de marzo de 2025 pola que se publica a listaxe de puntuacións globais definitivas do proceso selectivo de dúas prazas de titulado/a superior de técnico/a superior de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Unidade de Asesoramento Científico-técnico, convocada por resolución do 07 de outubro de 2024 (DOG núm. 201, do 17 de outubro)

O tribunal nomeado por Resolución do 12 de decembro de 2024 para a selección das prazas de técnico/a superior de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Unidade de Asesoramento Científico-técnico convocadas por resolución do 07 de outubro, elevou a esta Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde a listaxe coas puntuacións globais definitivas de dito proceso selectivo; polo que, en uso das facultades conferidas polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG nº 157, de 19 de agosto) e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta xerencia,

RESOLVE

Primeiro: Facer pública a listaxe coas puntuacións globais definitivas do proceso selectivo de dúas prazas de técnico/a superior de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Unidade de Asesoramento Científico-técnico.

Dita relación, que figura como anexo a esta resolución, publicarase na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (acis.sergas.gal).

Segundo.- De acordo coa base sexta da convocatoria, os/as aspirantes a contratar son aqueles/as que teñen acadadas as dúas maiores puntuacións, e deberán presentar no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, a seguinte documentación ante a Axencia:

- Tarxeta Sanitaria e/ou número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado médico oficial ou informe de saúde no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.5 da convocatoria.



-Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas a efectos de acreditar os extremos sinalados na base 2.1.6 da convocatoria.

Se algún dos/das candidatos/as seleccionados/as non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (caso no que se fará mediante solicitude expresa ao respecto, no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da listaxe de puntuacións definitivas, que deberá presentar nun novo prazo de 5 días hábiles a documentación reseñada no punto 6.4 da convocatoria.

Despois de seleccionados/as os/as candidatos/as e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización das contratacións obxecto da convocatoria.

Terceiro.- Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do artigo 121.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo



Relación de aspirantes coas puntuacións definitivas de méritos, no proceso selectivo para a provisión temporal mediante contrato laboral de dúas prazas de técnico/a superior de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Unidade de Asesoramento Científico-técnico

Candidatos/as	Experiencia profesional	Formación académica	Formación continuada	Publicacións	Nivel inglés	Outros idiomas	Total
BALBOA BELTRÁN, EMILIA	4,3	6	2	4	1	0	17,3 puntos
LIÑARES MARIÑAS, DAVID	1,55	6	1,75	1	1	0	11,3 puntos
MORA SALGUEIRO, JAVIER	0,2	4	0,6	2,25	1	0	8,05 puntos
CAMESELLE LAGO, CANDELA	2,35	2	1,6	0,25	1	0	7,20 puntos
CAMBA GÓMEZ, MIGUEL	1,8	2	0,6	2,25	0	0	6,65 puntos
VERGARO VARELA, PAULA	0	2,5	0,6	2,25	0	0	5,35 puntos
NÚÑEZ QUINTELA, VICTOR	0	2	0	0	1	0	3 puntos
VARELA RODRÍGUEZ, LAURA MARÍA	0	2	0,95	0	0	0	2,95 puntos
BASANTA OTERO, ARANTXA	0	2	0,4	0	0	0	2,4 puntos
REIGOSA CHAMORRO, FRANCISCO	0	0	0,6	1,5	0	0	2,1 puntos
PENA BONHOME, CELIA	0	0	0,1	0,75	1	0	1,85 puntos

